



mudemos o rumbo

REFORCEMOS O PROFESORADO



Ao longo das últimas crises os dereitos do profesorado galego foron pisoteados pola Consellaría de Educación. Os recortes veñen sempre precedidos de escusas centradas na necesidade de compartir sacrificios. Unha partilla que nunca se dá no sentido contrario. Eses mesmos recortes acompañanse de palabras de recoñecemento pola entrega dos profesionais do ensino público. Nunca rematan coa recuperación dos dereitos arrebatados e coa aplicación de melloras nas nosas condicións de traballo.



Abonda xa de desprezos e desconsideracións. Alcemos, de novo, unha voz contundente para que se prestixie a nosa profesión da única maneira posíbel: coa dignificación e recuperación de dereitos. Logo das mobilizacións e folgas dos últimos anos, toca colocar de novo o profesorado no centro de atención para reverter unha situación de empeoramento das nosas condicións laborais en cada docente así como no conxunto do sistema educativo.

Mudemos o rumbo: valorando o profesorado reforzamos o ensino público

- **Recuperemos o horario lectivo de 18 e 21 horas.** Non queremos traballar menos: queremos facelo en mellores condicións, coa volta á carga lectiva que tiñamos até 2012: 18 sesións en secundaria e 21 en primaria. Precisamos máis tempo para preparar aulas e coordinarnos e reducir o número de alumnado que atendemos.
- **Reduzamos ratios.** A redución de ratios é, sen dúbida, a demanda xeral máis sentida polo profesorado e a pandemia evidenciou que é a mellor ferramenta para mellorar a atención ao noso alumnado. Autorizar desdobres, impedir os agrupamentos cando impliquen supresións de unidades, son medidas que deben ser tidas en conta pola Xunta.
- **Amplíemos os cadros docentes.** Máis profesorado para unha mellor atención educativa, para garantir os desdobres, os reforzos e a optatividade das materias, para ofrecer un mellor servizo público e garantir emprego fixo e estábel.
- **Melloremos a atención á diversidade,** cada vez maior nas nosas aulas. Esta mellora pasa pola dotación de recursos humanos (orientación, profesorado de PT e AL...), mais tamén por accións formativas e reforzo da función tutorial.
- **Limitemos a burocracia.** Hoxe unha parte cada vez maior do noso traballo céntrase en tarefas burocráticas que nacen da ausencia de persoal non docente e dunha concepción da educación que se preocupa máis das aparencias que da función docente.
- **Reconsideremos a saúde laboral.** Estes dous últimos anos evidenciaron a nula preocupación da Consellaría pola nosa saúde. A saúde laboral, e a mental en particular, así como o recoñecemento de enfermidades profesionais deben estar presentes nas nosas demandas como docentes.